

Bo día.

Son Concelleiro de Cultura e Mocidade de Vilaboa, a Vilaboa dos fillos e, como non, a Vilaboa de Xosé María Álvarez Cáccamo, e quero en nome de todos os veciños darvos unha cordial benvida a este concello de portas e parques abertos, extraviarvos na luz e na pel da vosa Vilaboa e pasar un tempo feliz e agradable connosco, pois a nós tamén nos ilusiona e énchenos de ledicia este día.

Hoxe falarase moito da obra de Pepe mais eu quixera destacar o seu lado humano e militante. Aproveitar tamén esta ocasión para agradecerlle o moito que ten colaborado con este concello e con este concelleiro.

Di Pepe Cáccamo:

Escribo en galego e o ámbito prioritario da miña experiencia persoal é Galiza. Usar a lingua da miña terra e da miña xente significa, aínda hoxe, unha toma de posición ideolóxica, un compromiso.

Hai catro anos, entre tapas e Mencía, aí nos topamos, construíndo nación, facendo memoria, loitando contra a dereita cavernaria, dende o activismo cultural.

Suco vai, suco ven, ¡Xosé María!

Un paso adiante, e outro tamén

Es ti

GALIZA

Así é que hoxe Xosé María Álvarez Cáccamo preside "A Regaduxa", Asociación da Memoria Histórica de Vilaboa.

Tamén é o artífice do faladoiro de poesía que cada mes se reúne no Pazo Larache.

Asemade colabora activamente con Vilaboa Comunicación, que conxuntamente coa Concellaría de Cultura diseña e organiza concertos, ciclos de cinema, conferencias e outras actividades que lle dan vida ao noso pobo.

Para rematar, Cesáreo Sánchez, veciños e compañeiros de Pepe, qué mellor xeito para pór en valor un escritor do noso concello que esta

homenaxe tan merecida e sentida; unha vez máis parabenizar e dar as grazas á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega por esta elección, e a Xosé María Álvarez Cáccamo por ter escollido o noso concello para esta celebración tan especial.

Aquí, no Parque público Poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, á beira da ría de Martín Códax e Bernardino Graña, fican en espiral a area, o salitre, a escuma, o vidro, as brétemas, a brisa, o vento, as palabras. Aquí, xa para sempre, a carón da Moreira, a túa poesía.

*Tomás Boullosa Moure, Concelleiro de Cultura do Concello de Vilaboa
Parque Poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, Vilaboa, a 6 de xuño de 2015*